

PROPOSTA DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS PARA O CURSO 2011-12

Esta proposta que se presenta a continuación non é un listado exhaustivo das actividades que se fan no IES Monelos. Debe interpretarse como o que é: unha proposta que fai o centro e os diferentes departamentos, convencidos da súa utilidade na formación do noso alumnado.

Algunhas delas non se poderán levar a cabo por distintos motivos: axustes nas programacións, imprevistos, dispoñibilidade horaria, etc.

Noutros casos xurdirán outras actividades que non se puideron programar, pero se son consideradas de interés para una determinada asignatura, intentaremos levalas adiante (exposicións, conferencias, etc)



- Viaxe a Terrasson (Francia). Encontro Proxecto **Comenius**, do 11 ao 16 de outubro. ESO
- Viaxe a Friburgo (Alemaña). Encontro final do Proxecto **Comenius**. ESO e BACH
- Participación no proxecto europeo Movilidad Alumnado Comenius. Estancia de 8 alumnos na cidade de Terrasson (Francia) e acollida de 8 alumnos franceses no 1º trimestre do curso. 4º ESO
- Participación no Proxecto **Terra**. BACH
- **Clases de teatro** impartidas por un monitor especializado para todos os alumnos interesados. Farase una montaxe teatral ao remate do curso.
- Participación no **Correlingua 2012**. ESO
- Encontro dos países que participan na redacción do xornal **DEFRIT**.
- Festival de **Nadal**. Día 21 de decembro. Participa a comunidade educativa.
- Celebración do **entroido**. Desfile de comparsas.
- Acto de entrega de **orlas** aos alumnos de 2º de Bacharelato.
- **Club de lectura**
- Visita á biblioteca do Castrillón os días previos ás vacacións de Nadal 1º ESO
- Realización dun carné de aula para a Biblioteca do Castrillón.
- **Roteiro literario** cos alumnos que participan no club de lectura a finais de curso

Departamentos Didácticos

- Canguro Matemático, no que participa alumnado de todos os cursos. Desenvólvese nunha soa xornada que normalmente é no noso centro. (Data probable: 15 de marzo)
- Open Matemático: É tamén para alumnos/as de todos os niveis e desenvólvese en 7 xornadas con 7 tandas de exercicios que son correxidos polo profesorado do departamento. A última, para o alumnado que ten millor puntuación, pode que sexa noutro centro. (Datas: Xaneiro, febreiro, marzo)
- Olimpiada Matemática de 2º de ESO, para os 6 millores alumnos/as de matemáticas de 2º. Celébrase fora do centro. (Data sen confirmar)
- Olimpiada Matemática de 1º e 2º de bacharelato, para todos os que queiran participar. Celébrase na Facultade de Matemáticas de Santiago. (Data probable: 20 de xaneiro)
- Rallye Matemático sen fronteiras: Participan os cursos completos de 3º e 4º de ESO. É no centro para os alumnos/as e os profesores teñen que ir a outro centro que participe para axudar á organización. (Mes de marzo)
- Revista mensual TETRACTIS.
- Blogue Tetractis:

www.tetractismonelos.blogspot.com

- Día da ciencia en galego: 4 de novembro
- Día π : 14 de marzo
- Día da Ciencia na rúa : 5 de maio.
- Feira Matemática: 12 de maio.
- V Certame de Matmonólogos: 15 de maio

- Proxección material audio-visual de obra pictórica, humorismo gráfico e ilustración de A. R. Castelao. ESO e BACH
- Proxección material gráfico e ilustrativo de documentos e manuscritos medievais. ESO e BACH
- Proxección audio-visual dos movementos das vangardas históricas do século XX. ESO e BACH
- Proxección material relacionado coa publicidade e a propaganda dos medios de comunicación para a análise do seu código deontolóxico. ESO e BACH
- Conferencia sobre a transcendencia do libro e da lectura na Sociedade do Coñecemento. ESO e BACH
- Proxección en pantalla de documentación sobre o Modernismo. ESO e BACH
- Proxección de diversos vídeos e material audiovisual sobre diversos autores do século XX. ESO e BACH
- Celebración do día das Letras galegas, con entrega de premios en poesía e narrativa, en homenaxe a Valentín Paz Andrade. ESO e BACH
- Celebración de Recital Musical con alumnos, acompañados recitado de poemas. ESO e BACH
- Análise de textos de Novoneyra e proxeccións de fotos, en conexión coas viaxes realizadas polos alumnos ao Caurel.
- Realización de obradoiro literario sobre o haiku xaponés, para o grupo de Lectura. ESO
- Realización obradoiros literarios (vangardas: surrealismo, creacionismo, hilozoísmo e neotrobadorismo) ESO
- Obradoiro de caligramas e haikus en primeiro de ESO

- Visita ao Planetario e a Casa das Ciencias. 1º ESO
- Visita a Nostián 1º ESO
- Charla sobre enerxías renovables de Gas Natural.2º ESO
- Visita ao parque eólico experimental de Sotavento en Momán. Pendente confirmación 2º ESO
- Visita a un bosque de ribeira en Chelo – Río Mandeo. Pendente convocatoria. 2º ESO
- Visita a un espazo natural protexido. 3º ESO
- Participación no “Día da Ciencia na Rúa” 3º ESO
- Visita á Domus. 4º ESO
- Participación no “Día da Ciencia na Rúa” 4º ESO
- Participación no programa Campus Científicos de Verano convocado polo FECYT. 4º ESO
- Participación na III Olimpíada de Xeoloxía, Fase Galega. 4º ESO
- Visita ao Aquarium Finisterrae. 4º ESO
- Visita á Domus para ver a exposición de “Homínidos e Homínidas. 4º ESO
- Participación no Certame de Cine científico. Dous estudantes formarán parte do xurado. (Convocan A Asociación de Amigos da Casa das Ciencias). BACH
- Participación na III Olimpíada de Xeoloxía, Fase Galega . BACH
- Participación no día da Ciencia na Rúa . BACH
- Visita á Casa das Ciencias, incluíndo o Planetario. BACH

- Visita ao SAI (Servizo de Apoio a Investigación) para poñerse en contacto coas técnicas de Microscopía Electrónica e de Bioloxía Molecular como secuenciación do ADN, a técnica da PCR, etc. BACH
- Participación na III Olimpíada de Xeoloxía, Fase Galega . BACH
- Participación na VI Olimpíada Española de Bioloxía, Fase Galega. BACH
- Visita ao Observatorio Metereolóxico. BACH
-
- Visita ao Museo de Historia Natural “Luís Iglesias” en Santiago. BACH
- Participación na III Olimpiada de Xeoloxía, Fase Galega. BACH
- Visita ao Departamento de Xeoloxía da UDC . BACH
- Viaxe cultural a Lugo (visita e teatro) ou ben viaxe ás Médulas. ESO e BACH
- Participación no concurso de Cultura Clásica (non sabemos aínda en que centro se fará este curso) ESO
- Oferta de viaxe a Grecia ou Roma. ESO e BACH
- Saída a un mosteiro na provincia da Coruña no 2º o 3º trimestre. ESO
- Saída a sedes de ONGs na cidade da Coruña no 3º trimestre. ESO
- Saída a os encontros da ONG "Entreculturas" a nivel de Galicia (un día). Non sabemos aínda as datas. ESO e BACH
- 1º ESO: visita á Torre de Hércules (Descubrir Coruña) e ao Castro de Elviña.
- 2º ESO: visita á Cidade medieval e A Cidade, de M^a Pita a Juana de Vega (D.C.).

- 3º ESO: Visita ao porto da Coruña (D.C.)
- 4º ESO: Museo de Belas Artes (D.C.) e visita ao Parlamento de Galicia.
- Hª do Mundo Contemporáneo: visita ao Arquivo do Reino de Galicia (D.C.)
- Visita ao Castro de Elviña, ao Museo Arqueolóxico e a diferentes museos e exposicións da cidade. BACH
- Saida Santiago para visitar a parte antiga (catedral e o seu contorno, Pazo de Fonseca, San Martiño Pinario, Santa Clara, etc.) e o Centro Galego de Arte Contemporánea e San Domingos de Bonaval. BACH
- Visitas guiadas ou dos alumnos/as por libre aos edificios con valor artístico e ás diferentes exposicións que se organicen en A Coruña ao longo do curso, coa finalidade de practicar o comentario e adquirir un gusto persoal polas diferentes manifestacións artísticas. BACH
- Viaxe a Madrid para visitar os museos e edificios máis importantes e algunha exposición de interese para o alumnado. BACH
- Exposición *Orígenes: 5 hitos en la evolución humana* BACH
- Asistencia a ensaios da OSG.

25 de novembro de 2011 Scheherezade, op. 35 N. R.
Korsakov. ESO e BACH

19 de enero de 2012 UN AIRE DE ORIENTE. ESO e
BACH

17 de febrero de 2012 Petrushka Igor Stravinsky Andrew
Gurley. ESO e BACH

- Festival de Nadal no que participaran alumnos que toquen algún instrumento e grupos que teñan preparado algunha peza co seu profesor na clase de música. ESO e BACH
- Participación en colaboración co CGAI en dous talleres “Vistas Lumiere” e “El personaje y sus emociones” e a unha proxección dunha película de Clint Eastwood “Million Dolar Baby” ESO
- Roteiros de outono e de primavera con alumnado de cada nivel. Os percorridos serán polas serras dos Ancares e do Courel. ESO e BACH
- Semana branca a finais de xaneiro ou comezos de febreiro. ESO e BACH